

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 10 DE SETEMBRO DE 2020

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta minutos do día dez de setembro de dous mil vinte, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a. MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL,
D^a. MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D^a. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VERA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro don Enrique Antonio Chouciño Garrido.

Asiste á sesión o interventor accidental, don Roberto Babío Fernández e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS EN DATA 25-06-2020 E 22-07-2020.

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación as actas das sesións ordinaria celebrada en data vinte e cinco de xuño de dous mil vinte e extraordinaria celebrada en data vinte e dous de xullo de dous mil vinte, das que se remitiu copia coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas das sesións ordinaria de data vinte e cinco de xuño de dous mil vinte e extraordinaria de data vinte e dous de xullo de dous mil vinte, sendo aprobadas por unanimidade dos sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas das sesións ordinaria de data vinte e cinco de xuño de dous mil vinte e extraordinaria de data vinte e dous de xullo de dous mil vinte.

2.- PROPOSTA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía, de data trinta e un de agosto de dous mil vinte, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Facenda, patrimonio, administración electrónica, participación cidadá e medio rural na sesión extraordinaria de data sete de setembro de dous mil vinte, que literalmente di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Trala constitución da Corporación municipal, que tivo lugar na sesión plenaria do día 15 de xuño de 2019, procedeuse, entre outros, con carácter preceptivo, a creación dos órganos complementarios, Comisións informativas permanentes e Comisión especial de contas, de conformidade co establecido especialmente nos artigos 20 e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), e 59, 66, 68 e 212 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALGa).

Na sesión extraordinaria do 2 de xullo de 2019, o Pleno da Corporación acordou a creación das seguintes comisións informativas que ditaminan sobre as materias e asuntos que se relacionan::

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MEDIOAMBIENTE, OBRAS, SERVICIOS, SEGURIDADE CIDADÁ E PERSOAL sobre as materias e asuntos das áreas de Presidencia, da área de urbanismo, da área de medioambiente, obras e servizos, e da área de seguridade cidadá e persoal.

COMISIÓN INFORMATIVA DE POLÍTICA SOCIAL, MOCIDADE, PROMOCIÓN DO DEPORTE, DESENVOLVEMENTO LOCAL, CULTURA, FESTAS E TURISMO, sobre as materias e asuntos das áreas de política social, mocidade e promoción do deporte e da área de desenvolvemento local, cultura, festas e turismo.

COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, PATRIMONIO, ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, PARTICIPACIÓN CIDADÁ, EDUCACIÓN E MEDIO RURAL, sobre as materias das áreas de facenda, patrimonio e administración electrónica, e da área de participación cidadá, educación e medio rural.

A COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS terá as competencias previstas no artigo 116 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e no artigo 127 do R.O.F.

C.I.F. P-1503100-H

Visto que con data 13 de xullo de 2020 por Resolucións da Alcaldía acordouse reestruturar as áreas municipais de política social, mocidade e promoción do deporte e a de Seguridade Cidadá, que implicou a modificación da denominación da primeira e a modificación dos sectores de actividade que comprenden, e crear a área de mocidade, voluntariado e protección civil.

Proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Modificar o acordo adoptado polo Pleno en sesión do 2 de xullo de 2019 polo que respecta ás comisións informativas de urbanismo, medioambiente, obras, servizos, seguridade cidadá e persoal , a comisión informativa de política social, promoción do deporte, desenvolvemento local, cultura, festas e turismo ,e a comisión informativa de facenda, patrimonio, Administración electrónica, participación cidadá, educación e medio rural, que pasan a denominarse do seguinte xeito e ditaminarán sobre as materias e asuntos que se especifican:

COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIOAMBIENTE, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ , PERSOAL, MOCIDADE, VOLUNTARIADO E PROTECCIÓN CIVIL, que ditaminará sobre as materias e asuntos das áreas de Presidencia, da área de medioambiente, obras e servizos, da área de seguridade cidadá e persoal e da área de mocidade, voluntariado e protección civil.

COMISIÓN INFORMATIVA DE POLÍTICA SOCIAL, PROMOCIÓN DO DEPORTE, DESENVOLVEMENTO LOCAL, CULTURA, FESTAS E TURISMO, sobre as materias e asuntos das áreas de política social, e promoción do deporte e da área de desenvolvemento local, cultura, festas e turismo.

COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, PATRIMONIO, ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, URBANISMO PARTICIPACIÓN CIDADÁ, EDUCACIÓN E MEDIO RURAL, sobre as materias das áreas de facenda, patrimonio e administración electrónica, da área de urbanismo e da área de participación cidadá, educación e medio rural.

SEGUNDO. Os concelleiros/as dos grupos municipais integrantes das comisións que se modifican serán os inicialmente designados por estes para formar parte das comisións informativas respectivas(isto é , os designados para a comisión informativa de urbanismo, medioambiente, obras, servizos, seguridade cidadá e persoal serán os que integren a comisión informativa de medioambiente, obras, servizos, seguridade cidadá, persoal, mocidade, voluntariado e protección civil, os designados para a comisión infromativa de política social, mocidade promoción do deporte, desenvolvemento local, cultura, festas e turismo serán os que integren a comisión informatica de política social, promoción do deporte, desenvolvemento local, cultura, festas e turismo, e os designados para a comisión informativa de facenda, patrimonio, administración electrónica, participación cidadá, educación e medio rural serán os que integren a comisión informativa de facenda, patrimonio, administración electrónica, urbanismo, participación cidadá , educación e medio rural) sen prexuízo da posibilidade dos grupos municipais de modificar a adscripción concreta dos/as seus representantes nas comisións en calquera momento.

TERCEIRO.- Para todo o demais manterase en idénticos termos o acordo adoptado en sesión de data 2 de xullo de 2019."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira do BNG, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que ao seu grupo lle gustaría tomar a palabra neste punto para dar voz á sorpresa de que novamente se atopan nun pleno extraordinario no que non se presentan os orzamentos e que todos estaban agardando que se trouxera a proposta de como integrar as alegacións considerando que merecen unha explicación non só os concelleiros e concelleiras que se atopan na sesión senón tamen os veciños e veciñas; que o Sr. alcalde dixo noutras ocasións que por mor de obter maioría absoluta agora no Concello xa se podían facer as cousas ben.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde e lle di á Sra. Pérez Mosquera que se ciña ao punto da orde do día.

3 de 29

Continúa a súa intervención a Sra. Pérez Mosquera e di que o goberno municipal conta con maioría absoluta pero xa vai facer dous meses que o novo concelleiro tomou posesión e as cousas vanse prorrogando e facéndose sempre tarde.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data trinta e un de agosto de dous mil vinte, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González

Votos en contra: ningún

Abstencións: oito (8), dos/as Sres/as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 31 de agosto de 2020, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA. MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PSdeG-PSOE RELATIVA AO PROTOCOLO FRONTE AO CORONAVIRUS NA VOLTA ÁS AULAS ESTE VINDEIRO CURSO ESCOLAR.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia da moción do grupo político PSdeG-PSOE, de data 5 de agosto de 2020, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as asistentes á sesión..

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a moción do grupo político PSdeG-PSOE, que literalmente di:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO ORDINARIO EN RELACIÓN AO PROTOCOLO FRONTE AO CORONAVIRUS NA VOLTA ÁS AULAS ESTE VINDEIRO CURSO ESCOLAR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dereito á Educación é un dereito fundamental recollido no artigo 27º da nosa Constitución e os centros educativos representan o espazo no que este dereito ha de articularse e desenvolverse e a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias plenas no ensino tal e como establece o artigo 31º do noso Estatuto de Autonomía.

A situación derivada da pandemia producida pola Covid-19 supuxo que o sistema educativo galego, ao igual que os de todo o Estado, se vise inmerso nunha situación inédita como consecuencia do pertinente, necesario e obrigado peche dos centros educativos.

Aínda que a educación a distancia, cun esforzo sen precedentes do profesorado, alumnado e familias, serviu para poder resolver unha situación excepcional á que houbo que facer fronte de forma inmediata, non substitúe á aprendizaxe presencial, pois é a contorna escolar e a interacción escolar cos docentes e entre o alumnado o que mellor permite a aprendizaxe, a socialización e o seu desenvolvemento.

Como elemento adicional a ter en conta debe engadirse o feito de que o peche dos centros educativos xera fendas de desigualdade debido aos diferentes recursos materiais, dixitais e persoais existentes en cada familia; brechas que

son máis fondas canto menor é o nivel socio-económico das familias. E tamén, como vimos de comprobar, xera desigualdades no benestar emocional e social.

Por todo o anterior, faise necesario retomar a actividade presencial adoptando todas as medidas de prevención e hixiene necesarias que permitan facelo de forma segura e manter o control da pandemia.

O desenvolvemento do curso 2020-2021 é imprevisible, dado o descoñecemento que aínda temos acerca da posible evolución da pandemia do Covid-19. En consecuencia, resulta imprescindible prever diferentes escenarios aos que adaptarse dependendo das circunstancias sanitarias que poidan darse e toda esa previsión debe plasmarse nun protocolo para os centros docentes que regule o desenvolvemento da súa actividade, tanto lectiva como dos servizos complementarios.

Ao Partido Socialista de Galicia, como partido político de goberno que é, non lle resulta allea a enorme dificultade á que se debe enfrontar unha Administración para elaborar tal protocolo que necesariamente teña a capacidade de adaptación necesaria ás distintas e hipotéticas realidades que se poidan producir, partindo das premisas de garantir a seguridade e saúde do persoal empregado e do alumnado, así como a máxima conciliación da vida familiar e laboral. Nese sentido, sempre estaremos dispostos a apoiar as accións que o goberno da Xunta de Galicia adopte froito do diálogo e consenso necesario con todos os sectores da comunidade educativa.

Lamentablemente non nos atopamos nese escenario co proxecto de protocolo elaborado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que ten concitado o rexeitamento dos docentes, familias e concellos. E isto é así porque o goberno da Xunta de Galicia que debe afrontar, máis que nunca, a súa responsabilidade de goberno o que fai é centrifugar responsabilidades cara aos centros, ANPAs e concellos sen dotalos dun marco estable, seguro e cos recursos humanos e materiais necesarios tamén para a totalidade dos servizos complementarios (comedor e transporte escolar). A situación do rexeitamento pode resumirse do seguinte xeito:

- Os representantes do profesorado solicitaron retirar o protocolo e negociar un novo documento que responda ás demandas do profesorado e do conxunto da comunidade educativa, que garanta un ensino presencial seguro, adoptando todas as medidas para afrontar adecuadamente unha posible interrupción da docencia presencial, ao entender que nada diso se recolle no documento da Consellería, que descarga toda a responsabilidade -tamén de seguridade e hixiene- nos equipos directivos e no conxunto do profesorado.
- Por parte dos representantes de nais e pais de alumnos se lamenta que non existan ningunha representación súa na comisión Covid que se debe crear nos centros, á vez que advirten da imposibilidade de levar a cabo actuacións que se prevén, como a renovación de aire, a redución das rateos nos comedores e transportes escolares e advirten da moi difícil conciliación nos casos dalgún contaxio e o tempo previsto para o reingreso nas aulas que pode chegar a mes e medio.
- Por último, dende os concellos e a FEGAMP trasladouse a complexidade de asumir as medidas previstas ao aumentar de maneira moi importante as cargas e custos derivados en materia de limpeza e desinfeccións. Mesmo existen dúbidas por parte dalgúns servizos de Intervención municipais sobre a autorización de gastos para dar cumprimento a disposicións que carecen de rango normativo axeitado.

Así as cousas, resulta máis que evidente que se debe reconducir a situación de maneira urxente, e para elo, o grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

O Pleno do Concello de Culleredo insta á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que:

1. Inicie de forma inmediata reunións cos representantes do profesorado e das familias do alumnado para acadar un documento consensuado que permita afrontar o desenvolvemento do curso 2020-2021 coas máximas garantías posibles.
2. Se dote aos centros do profesorado e persoal suficiente para garantir unha actividade educativa correcta en calquera dos escenarios posibles que se poidan dar ao longo do próximo curso.
3. Establecer unha reunión urxente coa Fegamp para valorar todos os recursos necesarios para o normal desenvolvemento do curso escolar, así como xerar unha dinámica de colaboración estable para este cometido mentres dure esta situación extraordinaria.
4. Se habiliten os fondos extraordinarios necesarios e se tramiten as modificacións orzamentarias pertinentes para que os incrementos de custes que deben asumir centros, ANPAS e concellos como consecuencia das medidas que se dispoñan nese novo protocolo sexan asumidos polo goberno de Xunta de Galicia.
5. Que os fondos extraordinarios do Goberno de España destinados a educación se negocien de maneira transparente con todos os sectores implicados.
6. Que se garanta o funcionamento de comedores e transportes escolares, cando menos, nos mesmos termos nos que o servizo daría cobertura en situacións normais."

A continuación, sendo as trece horas e trinta e seis minutos, o Sr. alcalde-presidente suspende a sesión, reanudándose esta ás trece horas e corenta e catro minutos.

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo político PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que desde o seu grupo van votar a favor da moción que presentan o grupo político PSdeG-PSOE e o Bloque Nacionalista Galego nesta sesión referente ao protocolo Covid-19 para o ensino, como non pode ser doutro xeito; que as ANPAS, mestres, familias e colectivos que se manifesten en defensa da seguridade e protección do alumnado de Culleredo contarán sempre co total apoio de Alternativa dos Veciños xa que a educación e a sanidade son algo moi importante nesta sociedade e sobre todo é algo moi importante para o seu grupo dentro do Concello de Culleredo, querendo deixar constancia do seu desencanto e facer fincapé na falta de previsión e nula capacidade desde o seu punto de vista da xestión do goberno municipal á hora de xestionar e defender as carencias existentes en Culleredo en materia educativa que ano tras ano están a denunciar as ANPAS e as familias de rapaces en idade escolar; que pensan que Culleredo e o seu goberno municipal van sempre tarde á hora de defender un ensino de calidade para este concello e aínda que é certo que as competencias tanto en materia de Sanidade como de Educación son da Xunta de Galicia estase a vivir unha situación inédita, como ben di o grupo socialista na moción que presenta neste punto, e esa situación implica a adopción de medidas tamén inéditas, non concebindo que sabendo que se retomaba o curso escolar no mes de setembro non foran convocados como máis tarde no mes de agosto a un pleno extraordinario no que se puidera tratar este tema co que se evitaría que a día de hoxe, 10 de setembro de 2020, cando están comezando as clases de infantil e primaria, e dentro dunha semana secundaria, se estea votando se se vai apoiar solicitarlle á Xunta de Galicia, concretamente á Consellería de Educación, a adopción de medidas fronte ao COVID, sorprendéndolle que o Concello de Culleredo, en materia de Educación, siga na mesma liña que en lexislaturas anteriores, improvisación e incertidume ou, dito doutra maneira, tarde, mal e a rastro.

A continuación o Sr. Alcalde preguntalle ao Sr. Mourelle como faría el.

Responde o Sr. Mourelle dicindo que o seu grupo pensa que o que se debería facer é reunirse os voceiros e as voceiras dos distintos grupos políticos do Concello para ter unha reunión coa Xunta de Galicia e máis en concreto

coa Consellería, amosando a súa disposición para colaborar co equipo de goberno e en concreto coa concellería de Educación e coa concelleira para ter esa reunión coa Xunta de Galicia.

De seguido o Sr. alcalde dille ao Sr. Mourelle que se ten que preparar un pouco máis para vir aos plenos e falar destes temas pois considera un grande atrevemento poñer na súa boca acusacións das ANPAs cara ao goberno do Concello de Culleredo.

A continuación, e detectados problemas na transmisión telemática do Pleno, ás trece horas e cincuenta minutos, o Sr. alcalde decide facer un receso de quince minutos para tratar de resolver os problemas técnicos.

Reanúdase a sesión ás catorce horas e dez minutos.

Solicita o uso da palabra o concelleiro do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que esta é a moción presentada polo BNG e aprobada por este Pleno o día 25 de xuño coa que houbo que solicitar á concellería de educación que convocase o Consello Escolar Municipal para que alí se puideran expoñer todas as dificultades, que eran evidentes e previsibles, para o regreso seguro ás aulas; que todas as eivas do protocolo da Xunta estaban aí e eran clarísimas e o máis importante era reclamar solucións diante dos responsables políticos para que se empezara a traballar nun regreso ás aulas seguro; que desde o BNG empezaron a traballar nesto xa no mes de xuño, durante o periodo de matrícula para que os pais, e toda a comunidade escolar, puidese planificar a súa volta ás aulas, e pregunta se o equipo de goberno non ve que isto era o que se tiña que ter reclamado no CEM e que non era soamente cousa, como dicía no Pleno a concelleira de Educación, de conectar aos papás coa Consellería senón que había que reclamar solucións aos problemas que eran evidentes, parecendo que todos o vían menos o equipo de goberno, que todos vían estes problemas, obvios xa no mes de xuño, como que era evidente que non habería espazos suficientes nos centros cando daquela o Ministerio recomendaba unhas ratios de 15 alumnos/as por aula, evidente tamén que se precisaría de máis mestres e mestrás, que habería dificultades nos servizos de transporte e comedor ou que habería que incurrir en gastos extraordinarios para a limpeza e desinfección.

Continúa a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e di que isto todo tiña que terse feito no mes de xuño, e agora chega o 10 de setembro, co alumnado entrando xa nas aulas, e se volven a facer as mesmas reclamacións no mes de setembro parecendo que ao equipo de goberno non lles debeu parecer un tema o suficientemente importante xa que decidiron unilateralmente, sen consultar co resto de grupos municipais, a suspensión do pleno de agosto, como se non houbera temas de suficiente importancia como o regreso ás aulas, ou o orzamento, que a mes de setembro segue sen aprobarse, ou a conta xeral ou o plan de axudas da Deputación a empresas afectadas pola COVID, preguntando cal foi o motivo de que non se fixera o pleno do mes de agosto e pedindo explicacións sobre iso; que ademais, vese na prensa e na televisión que, en lugar de reclamar da Consellería de Educación a adecuación de espazos propios en desuso, como as aulas que están pechadas en moitos dos centros de Culleredo, ou como a planta da Galescola de Vilaboa, que segue sen utilizarse, ou as aulas que deixa libres o traslado do bacharelato da Laboral ao Rego de Trabe ás que parece ser que non se lle vai dar outro destino neste curso, o equipo de goberno, en lugar de reclamar da Xunta que poña a andar e funcionar os propios recursos que paga toda a veciñanza, prefíre buscar un edificio nun polígono industrial seica propiedade duns empresarios e do que non se sabe se está adaptado para o ensino ou non e se cumpre coa lexislación coa que teñen que cumprir as edificacións destinadas a centros educativos.

Segue a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e di que todas as ideas son ben recibidas e deben avaliarse pero hai que concretar, e este é o momento, se propoñer un edificio no polígono que non é propiedade municipal é unha ocorrencia para a prensa ou se hai algo serio nesa avaliación, considerando que o Sr. alcalde debe aclarar de quen partiu esa idea, se partiu do Concello ou deses empresarios, que pasos se deron para ofrecerllo á Consellería e que papel xoga o Concello nesa transacción, se se fixo algún estudo por parte do arquitecto municipal ou por quen corresponda para saber se é un espazo adecuado, se algún técnico do departamento de educación visitou ese edificio para facer unha aproximación desde o punto de vista pedagóxico e ver as súas necesidades, anunciando

7 de 29

que o seu voto vai ser a favor desta moción xa que ademais coincide en varios aspectos coa moción que o BNG presenta no punto número 9 da orde do día.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo non pode estar máis de acordo coa primeira parte da exposición que presenta o equipo de goberno e agradecen o apoio que din sempre darán ao goberno da Xunta de Galicia pero que, como pasa sempre co goberno municipal, primeiro din unha cousa para despois facer outra, cambiando a realidade para tentar de enganar e manipular; que a Xunta, a través das consellerías de Educación e Sanidade, presentou un protocolo no mes de xuño, protocolo que se presentou aos sindicatos e que non chegou a analizarse nin consensuarse polo precipitado rechazo destas organizacións pero, polo contrario, si foi consensuado coa Xunta Autonómica de Directores de centros de ensinanza non universitaria de Galicia; que se trataba dun protocolo que non era inamovible e que se actualizou no mes de agosto, adiantándose ao presentado polo goberno central, como un texto previo de axuda aos centros para a organización do curso escolar; que este protocolo xa acordaba realizar test serolóxicos a todo o persoal dos centros educativos, o uso da máscara en maiores de 6 anos, adiantándose Galicia unha vez máis e servindo de modelo para o resto de España; que mentres o noso presidente a a nosa ministra de Educación se atopaban disfrutando das súas vacacións, o Goberno do Estado non convoca conferencia sectorial de Educación ata o 27 de agosto e a conferencia de Presidentes ata o día 4 de setembro.

Continúa a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que nesa conferencia sectorial do 27 de agosto é onde o Goberno central presenta o protocolo a seguir e que fai que a Xunta teña que modificar a última hora o que xa tiñan presentado aos centros, sendo a modificación máis importante e a que trouxo en xaque a todos os centros a de manter unha distancia superior a metro e medio aos alumnos de secundaria e bacharelato, sen que se poida acusar agora á Xunta de Galicia de improvisación cando foi a ministra de Educación a que non presentou un plan ata o mes de setembro e obriga a modificar unha parte moi grande do traballo xa feito; que o equipo de goberno fala tamén da dificultade de conciliar cando haxa contaxios e corentenas polo que o grupo municipal Popular lle pide ao equipo de goberno que lle solicite aos ministros de Traballo e Economía e Facenda que se poñan de acordo xa que é a súa competencia e aclaren se no caso de que un compañeiro do seu fillo sexa positivo e teña que gardar corentena quen o vai coidar e se vai implicar unha suspensión de contrato, se será unha baixa laboral ou se haberá que quedarse na casa sen cobrar por faltar ao traballo; que respecto ao material de limpeza e desinfección e tras o acordo coa FEGAMP os concellos son os responsables do mantemento e conservación dos centros educativos de infantil e primaria e a Xunta dos centros de secundaria e formación profesional; que o Goberno de España enviou á Xunta para Educación 92 millóns de euros, sendo insuficiente este diñeiro para contratar 1000 profesores, poñer a disposición de todos os centros educativos todo o material de protección para o persoal do centro, elementos de sinalización, etc, atopándonos nun momento no que a colaboración de todos é fundamental, sendo necesario o esforzo de cada administración para priorizar e asumir todas as necesidades que se presentan e protexer aos nosos fillos e a comunidade educativa.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político PSdeG-PSOE, de data cinco de agosto de dous mil vinte, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezasete (17), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: tres (3), dos Sres/as: García Gorostizu, Rico Vereja e Prieto García.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo político PSdeG-PSOE, de data cinco de agosto de dous mil vinte, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA. MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PSdeG-PSOE RELATIVA AO APOIO ÁS AMPAS ANTE O INICIO DO CURSO ESCOLAR.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia da moción do grupo político do PSdeG-PSOE de data 7 de setembro de 2020, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as asistentes á sesión..

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a moción do grupo político PSdeG-PSOE, que literalmente di:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CULLEREDO ANTE O INICIO DO CURSO ESCOLAR 2020-2021, EN APOIO ÁS ANPA.

O inminente inicio de curso escolar, coa situación extraordinaria da pandemia pola COVID-19, esixe unha actuación extraordinaria para conferir as mellores condicións de protección e seguridade ao alumnado de todas as etapas educativas. A docencia, como servizo prioritario que é, require dun celo extremo por parte da administración competente, a Xunta de Galicia.

En Culleredo, as asociacións de nais e pais dos centros de ensino teñen trasladado a súa preocupación polo sistema que se levará a cabo no retorno ás aulas. É de extrema importancia que se poñan os medios para evitar a situación de saturación que se viviu nos últimos anos en colexios e institutos, algo que agora en plena pandemia eleva máis os riscos para alumnado e profesorado.

Por iso, as ANPA trasladaron varias propostas, atendendo á situación real das aulas en Culleredo, que permitan incrementar a seguridade.

Por unha banda, demandan que o límite máximo de alumnos por aula na etapa de Infantil se reduza a 20. Esta franxa de idade é a que maior dificultade require para adaptarse ao protocolo, tendo en conta ademais que non levan máscara. Por iso, reclaman:

- Que non se elimine unha aula de 3 anos no CEIP Sofía Casanova.
- Que se reabran as aulas de 3 e 4 anos pechadas no CEIP Isaac Díaz Pardo.
- Que se implante unha liña máis de 4 anos no CEIP Ría do Burgo.

En todos os centros existen aulas suficientes para tomar estas medidas. Nalgúns, de feito, contan con espazos libres porque precisamente pecháronse as liñas mencionadas. Deste xeito, o número de escolares por aula baixaría dos case 25 que existen en todas elas.

A segunda demanda refírese ao profesorado de apoio de Educación primaria, en concreto de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. As necesidades especiais do alumnado poden agravarse pola situación de confinamento vivido o pasado curso. Cómpre que se manteña o mesmo profesorado deste ámbito para o novo curso e mesmo que se reforce nos casos que sexa preciso.

O Grupo Municipal Socialista propón ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Trasladar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia as medidas propostas polas ANPA de Culleredo para conferir maior seguridade de protección ao alumnado no regreso ás aulas neste curso 2020-2021.

2. Manifestar un apoio completo ás ANPA de Culleredo no seu traballo para conseguir que a docencia se desenvolva nas mellores condicións de seguridade ante a COVID-19.
3. Manifestar a disposición plena do Concello de Culleredo a colaborar coa Consellería de Educación na cesión de espazos ou calquera outra medida que se considere viable.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que non sabe se o Sr. alcalde ten moita prisa ou os concelleiros e as concelleiras da oposición non lle merecen o respecto suficiente para responder ás cuestións que se suscitan nos debates pero, centrándose na moción presentada polo equipo de goberno, di que o seu grupo vai votar a favor tamén desta proposta xa que se trata dunha reclamación das ANPAs, considerando conveniente repetir que é unha reclamación das ANPAs, unhas demandas elaboradas e redactadas por elas e para as que pediron o apoio do Concello de Culleredo, un apoio institucional, téndose achegado noutras ocasións distintos colectivos a cada un dos grupos municipais solicitando o apoio ás súas demandas e téñense asinado declaracións institucionais incluso tomando textos redactados por un dos grupos municipais e téñense asinado mocións colectivas presentadas por varios grupos de forma conxunta, e esta moción é un caso clarísimo de que o equipo de goberno non quixo buscar ese consenso e non cumpriu co que lle demandaron as ANPAs que era procurar o apoio do Concello, non sabendo articular ese apoio porque non sabe diferenciar entre a institución e o seu partido, aclarando que o Concello de Culleredo non é o PSOE de Culleredo senón que é a Corporación aquí reunida, composta por 21 concelleiras e concelleiros; que o equipo de goberno non sabe ou non quere cumprir co que lle demandaron as ANPAs, que era procurar o apoio de toda a institución, trasladándoo así tanto a eles como aos membros do goberno e en comunicacións públicas como teñen feito estos días, anunciando que por suposto van votar a favor desta proposta porque é unha proposta das ANPAs e porque as súas demandas tamén estarán recollidas na moción que o BNG presenta no punto 9 da orde do día.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde e di que a voceira do grupo político PSdeG-PSOE dirixiuse ao voceiro do BNG para tratar de fusionar ou chegar a un acordo neste tema.

Responde o Sr. Méndez Mosquera e di que ao seu grupo se lle invitou a retirar a súa moción da orde do día.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, di que había tres mocións co mesmo contido e o que se propuxo foi refundilas engadindo o que cada grupo considerara oportuno.

Responde o Sr. Méndez Mosquera e di que ao seu grupo ao que se lle invitou foi a retirar tanto a moción que presentan sobre este tema como a presentada sobre o superávit dos concellos.

Intervén a continuación a Sra. Pombo Carril e di que a idea era que se retiraran as mocións co ánimo de sumarse e engadir o que o BNG considerara oportuno ás mocións presentadas polo equipo de goberno e presentalas conxuntamente.

Responde o Sr. Méndez Mosquera e di que ao seu grupo se lle invitou a retiralas e que as ditas mocións foron presentadas na Xunta de Voceiros do pasado luns, considerando que era nesa sesión onde se debería ter feito esa proposta de suma e non pedir a súa retirada cinco minutos antes da sesión plenaria; que non sabe se o equipo de goberno se deu conta da situación na que están todavía e se este ano de goberno se lles pasou moi rápido e aínda non pillaron o ritmo, dicíndolle ao equipo de goberno que son doce concelleiros do Concello de Culleredo e cando unha ANPA ou un grupo de ANPAs lle trasladan unha proposta é porque solicitan o apoio institucional, de todos e todas os concelleiros e concelleiras do Concello, e o equipo de goberno pretende articular ese apoio traendo unha

moción do PSOE de Culleredo; que solicitan do equipo de goberno que asuma a súa responsabilidade e actúen con respecto ao seu cargo.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que cando se fala de fusión de mocións iso implica que se retiren as presentadas individualmente para refundilas e presentar unha conxunta, sendo así como o recolle o propio regulamento das sesións plenarias e como propuxo o equipo de goberno neste punto, sabendo perfectamente a responsabilidade que teñen cos veciños e veciñas do Concello, o apoio que lles teñen que dar e a labor da oposición que está para complementar a actuación do equipo de goberno, pensando que sobre todo en materia de Educación Culleredo está un paso por diante.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que desde o seu grupo entenden perfectamente as incertidumes que está a provocar o estado de alarma debido a esta pandemia que se está a vivir e o que está sendo o comezo do curso escolar para as familias e que ela, como nai dunha nena de seis anos e un neno de dez, ten as mesmas dúbidas e preocupacións que teñen todos os pais de Culleredo e as comparte ao 100%; que desde aquí quere agradecer a toda a comunidade educativa, desde directores, profesores, persoal de administración e servizo, anpas, etc., a labor que están a facer, o traballo que lles supón e o esforzo que adican para protexer a saúde dos rapaces e rapazas; que a proposta que presenta unha parte das ANPAs de Culleredo lle parece do máis razoable pero non sabe en que se basearon para pedir unha redución da ratio a vinte xa que considera que a diferenza entre vinte e vinte e tres non sería moi ventaxosa e, polo contrario, unha ratio máxima de quince para este momento que se está a vivir, sería máis seguro; que están totalmente de acordo tamén coa segunda demanda de manter o mesmo profesorado de apoio pero non poden apoiar os acordos que o grupo socialista, baseándose nas demandas das ANPAS, quere aprobar xa que existe unha pandemia e o Ministerio de Sanidade é o que ten que elaborar un protocolo de seguridade para que Educación o aplique aos centros educativos; que o Goberno Central lle deu á Xunta 92 millóns de euros para que os invista nos gastos que supón a adaptación ao documento aprobado na Conferencia Sectorial de Educación o 27 de agosto, para investir en política social, infantil, primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional e universidade, sen que este diñeiro chegue pois é claramente insuficiente polo que son todas as administracións as que teñen que colaborar para que a volta ás aulas sexa da maneira máis segura para todos os nenos e nenas, atopándose tamén a administración local, os concellos, dentro do conxunto de administracións que deben colaborar.

Continúa a súa intervención a Sra. García Gorostizu e pregunta como vai ser ese apoio completo que o equipo de goberno indica ás ANPAs e ao sistema educativo de Culleredo, se se van a sacar por fin as bolsas escolares que leva prometendo desde a campaña municipal fai ano e medio e sobre as que todavía non foron capaces nin de redactar as bases da convocatoria cando outra vez hai concellos limítrofes que si as teñen xa convocado, se vai ser ese o apoio que lles vai dar aos pais de nenos en idade escolar; que lle chegaron queixas das direccións de vaíos colexios e ANPAs que solicitaron ao Concello unha persoa máis para a limpeza porque agora só hai unha en horario de mañá e non chega para desinfectar todo, trasladándolle que as palabras textuais do Sr. alcalde como contestación á dita petición foron "No pondremos un puñetero duro para la limpieza".

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e lle pide á Sra. García Gorostizu que non faga propias palabras doutras persoas porque ela o coñece e sabe perfectamente que el nunca diría esas palabras, polo que lle solicita retire o dito, engadindo que cando se din palabras textuais debe dicirse quen as pronuncia.

Continúa a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que retira o dito e pide disculpas polo comentario feito pois foi un erro trasladar á sesión palabras doutros polo que pide perdón a todo o mundo e pregunta se é certo que o Sr. alcalde se negou a poñer máis persoal de limpeza.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que unha cousa é o que se di e outra a realidade e que todo está como ten que estar, que o Concello de Culleredo, e todos os concellos de Galicia, van cumprir escrupulosamente co esixido pola Xunta de Galicia independentemente de que estén de acordo ou non con que das arcas municipais

deban saír os cartos necesarios que en Culleredo poden ascender a 60.000 euros a maiores anualmente se este problema dura todo o curso; que por suposto se vai cumprir o necesario e non se vai deixar de lado á cidadanía por discrepancias políticas independentemente de que despois se debata a nivel político a quen lle corresponde asumir ese custo.

A continuación retoma a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que o seu grupo quere preguntar tamén se se baraxou a posibilidade de que por exemplo voluntarios de Protección Civil colaboren en aqueles comedores que poidan ter problemas de coidadores, solicitando que non se malinforme ás ANPAs co que poden ou non poden facer á hora de organizar os coidadores de comedor e que se aporten solucións e non se transmitan mentiras; que desde a sesión plenaria solicitan ao Sr. alcalde que dote de máscaras e xel aos alumnos de Culleredo en todos os centros educativos do Concello a cargo dos orzamentos municipais, que colabore Protección Civil cos colexios para apoio en recreos e comedores, que dote de persoal de limpeza necesario aos colexios de infantil e primaria para que poidan cumprir coas normas de limpeza establecidas e que se algunha Dirección dalgún colexio necesita algunha obra para dar seguridade aos nenos e nenas que sexa o Concello o que se faga cargo da reforma; que para o grupo político Popular iso si é colaborar e o que fai o Sr. alcalde é só posar para a foto e querer colgarse medallas; que no punto número 3 da moción se fala de poñer a disposición outros espazos municipais, preguntando se iso é algo que se lle ocorreu ao Sr. alcalde cando tiña o micro e a cámara diante porque ela falou coa Xefatura territorial e lle confirmaron que ninguén en todo este tempo se puxo en contacto con eles e que ninguén de Culleredo, excepto ela mesma, chamaron unha soa vez, nin o Sr. Alcalde nin a concelleira de Educación de Culleredo, enviando ela mesma as medidas de todas as ANPAs que lle enviou a ela a directora da ANPA do colexio Isaac Díaz Pardo, polo que o equipo de goberno segue a demostrar que nin teñen ideas nin ganas de traballar, anunciando que o voto do seu grupo será de abstención pois aínda estando completamente a favor das demandas dos pais e estando aquí para defender aos nenos e nenas, a forma en que o propón o partido socialista lles parece errónea e insuficiente.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que se hai algún concello onde haxa unha total cooperación non só en educación senón tamén en obras, servicios e demais é o de Culleredo; que o día 25 de agosto o equipo de goberno dirixiuse á Consellería para ofrecerlle todos os espazos posibles para intentar solucionar entre todos o problema que hai; que todos os alcaldes da comarca se reunían telematicamente e a todos lles pareceu unha boa alternativa non sabendo con quen falou a Sra. García Gorostizu porque persoalmente o xefe de Gabinete da concelleira comunicou a Culleredo que por indicacións dela agradecía a oferta do Concello e remataba o seu escrito dicindo que en caso de que se considerara necesario nalgún momento dispor do espazo que o Concello propón que non se dubidara de que se tería en conta.

Fai uso da palabra a Sra. García Gorostizu e di que ela trasladou ao Concello o que lle comunicaron da Xefatura Territorial.

A continuación intervén o Sr. alcalde-presidente e di que el contou o que falou coa concelleira e que este luns redactaron unha carta ao novo conselleiro trasladándolle todo o que aquí se presenta e desexándolle que tivera os maiores acertos pois independentemente da ideoloxía deste conselleiro os acertos ou desacertos van ser acertos ou desacertos para todos polo que por nada do mundo quere que se equivoque e o Concello, nunha carta suscrita tamén por todas as ANPAS, dirixiuse ao novo conselleiro ofrecéndolle toda a colaboración.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do PSdeG-PSOE, de data 7 de setembro de dous mil vinte, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezasete (17), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: ningún

Abstencións: tres (3), dos Sres/as: García Gorostizu, Rico Verea e Prieto García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo político do PSdeG-PSOE, de data 7 de setembro de 2020, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO POPULAR RELATIVA Á SOLICITUDE DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE DRAGADO DA RÍA DO BURGO.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia da moción do grupo político Popular presentada no rexistro municipal o día 7 de setembro de 2020 (número 6646), relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión..

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a moción do grupo político Popular, que literalmente di:

“MOCION QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR DE CULLEREDO SOLICITANDO LA EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DE DRAGADO DE LA RIA DO BURGO.

El Grupo Municipal Popular de Culleredo, conforme a lo previsto en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente **MOCIÓN:**

C.I.F. P-1503100-H

EXPOSICION DE MOTIVOS

El Gobierno gallego, dentro de la línea de actuación que está desarrollando encaminada a limpiar las rías gallegas, invirtió 100 millóns de euros en el saneamiento de la Ría do Burgo. Esta inversión se utilizó concretamente en actuaciones de apoyo a los concellos de la ría para sus competencias de saneamiento y depuración de las aguas residuales, fundamentalmente en beneficio de los municipios de A Coruña, Oleiros, Culleredo y Cambre.

Una vez finalizadas estas obras de saneamiento y para completar la mejora de la calidad ambiental del entorno, el Gobierno de España, competente en la regeneración del litoral, impulsó el proyecto del dragado de la Ría do Burgo y consigno una partida de 24 millones de euros en el Presupuesto del 2018, que sigue siendo el presupuesto vigente en la actualidad.

Con el fin de completar la inversión necesaria para la ejecución del dragado, un total de 46,3 millóns de euros, y por sugerencia de la propia Administración Autonómica, el actual Gobierno de España realizó los trámites oportunos para cofinanciar esta actuación con fondos europeos del tramo estatal.

Después de meses desde que se completaron estos trámites, es cierto que el Ministerio de la Transición Ecológica y el Reto Demográfico no procedió a la licitación de las obras del dragado de la Ría do Burgo.

Estos trabajos se desarrollarán en terrenos de titularidad estatal en los que actualmente existe una actividad marisquera que debe ser suspendida con carácter previo al inicio de las obras del dragado. La Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia acreditó ya convenientemente que esa circunstancia no supone ningún impedimento para la inmediata licitación de las obras del dragado.

El Gobierno gallego ya se comprometió en su día, y lo reiteró en varias ocasiones, a que en el momento de que los trabajos de dragado sean adjudicados y antes de que comiencen las obras, suspenderán los permisos vigentes de marisqueo de la zona. Este cese de actividad será reconocido y asumido por la propia cofradía de pescadores de A Coruña. Cancelar la actividad marisquera en la Ría do Burgo antes de que las obras

13 de 29

comienzen supondrían un prejuicio grave e innecesario para el sector, a tenor del informe jurídico de la Xunta y la propia declaración de impacto ambiental de la obra de dragado, es totalmente innecesaria ya que la ocupación de los terrenos está garantizada.

Desde este grupo municipal y a tenor de los hechos reflejados, consideramos que no hay razones objetivas para dilatar más en el tiempo la ejecución del dragado de la Ría do Burgo por el gobierno central, actuación que resulta necesita y urgente.

Por estas razones, y haciendo un llamamiento a todos los representantes públicos de esta Corporación y a su sentido del deber y de la responsabilidad, el Grupo Municipal Popular insta al Pleno de la Corporación, la adopción de los siguientes:

ACUERDOS

Instar al Gobierno del Estado que:

1. Acredite que dispone de crédito presupuestario necesario para la ejecución de las obras de dragado de la Ría do Burgo.
2. Proceda con la mayor brevedad posible a la licitación de las obras de dragado de la Ría do Burgo, toda vez que las actuaciones se desarrollarán en terrenos de titularidad estatal y la Asesoría Xurídica da Xunta acreditó convenientemente que la actividad marisquera existente en la zona no supone impedimento alguno para la inmediata licitación de las obras de dragado".

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do BNG, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que apelando á responsabilidade da que se fala desde a moción, pensa que ningún grupo leva loitando tanto na limpeza e rexeneración da Ría do Burgo como leva o Bloque Nacionalista Galego, tanto en Culleredo como en Cambre, Oleiros, A Coruña, Compostela, Madrid ou Bruselas; que esta moción, que quere ser construtiva, perde o seu construtivismo desde o momento en que se revela como un escrito de parte nun conflito entre o Goberno do Estado, gobernado polo PSOE, en coalición con Podemos, e a Xunta de Galicia, gobernada polo PP, e que se estes dous partidos quixeran limpar a Ría esta xa estaría limpa e que non poden apoiar esta moción que se presenta porque para calquera que poida entender existe un problema burocrático neste proceso de licitación do contrato da limpeza da Ría, un problema provocado polo PP e polo PSOE, xa que o Goberno do Estado, para iniciar o procedemento de contratación, ten que demostrar o pleno dominio dos terrenos para o que existe un impedimento, unha carga, unha servidume, que ocasiona que a superficie sobre a que se traballaría non pertence de pleno ao dominio do Estado que son as concesións para o marisqueo que ten outorgadas a Xunta baixo as súas competencias, unha carga que procedería levantar antes de iniciar esta licitación; que o Goberno do Estado lle pide á Xunta que suspenda as concesións para o marisqueo para poder iniciar a contratación, e a Xunta devólvelle a pelota dicíndolle ao Goberno do Estado que non se teñen que suspender as concesións mentres non se teña feita a licitación; que o grupo político Popular di que asesoría xurídica da Xunta di que se pode facer pero o Goberno do Estado e a súa asesoría xurídica di que ten que ser doutro xeito; que supón que o equipo de goberno dirá que a culpa é da Xunta e que os problemas burocráticos cando aparecen hai que resolvelos sentándose as partes nunha mesa e dialogando ata chegar a un acordo e esta moción non busca que se chegue a un acordo senón que o que busca é que o Concello se poña dunha parte, da parte do partido que a presenta, non tratando de buscar solucións senón de buscar culpables, solicitando que se fale coas mariscadoras e se lles propoñan solucións, que poñan vontade e deixen de buscar culpables pois xa se leva demasiados anos con esta mesma leria, con esta situación que uns e outros están alimentando, unha mofa ás veciñas e aos veciños, aos mariscadores e mariscadoras e a xente que mete os pes todos os días no lodo, preguntando que pasaría se ao rapaz que o outro día entrou na Ría lle tivera pasado algo e quen se vai facer responsable deses lodos que están na Ría, quen se vai facer responsable cando haxa máis dunha morte que xa ten habido; que dá grazas á labor da eurodeputada Ana Miranda e a comitiva

14 de 29

de deputados e deputadas europeos que quedaron apampanados coa suciedade que se acumulaba na Ría e mentres os eurodeputados e eurodeputadas metían os pes na lama algúns señoritos de aquí pedían unha táboa para non manchar os zapatos, e a exconselleira, excandidata, exconcelleira Beatriz Mato, ao vir ao colexio da Ría, declarou ao alumnado embaixadores das zonas húmidas cando no seu cargo non moveu nin un dedo para avanzar na dita limpeza, pedindo que se de verdade se quere ser construtivo, hai que poñerse a traballar para desbloquear a situación pois está nas súas mans e deben pedirlle aos deputados galegos en Madrid que traballen pola Ría do Burgo; que o seu deputado Néstor Rego ten presentado varias cuestións en relación á Ría para desbloquear este tema e, en particular, hai unha pregunta rexistrada no mes de xullo, preguntando por esta cuestión, sempre en sentido propositivo e non buscando culpables como fai a moción que se presenta neste punto; que a moción fala dun investimento de 100 millóns de euros en saneamento e que desde o BNG non fixeron as contas pero si que poden dicir que os investimentos non foron un agasallo de nadal dun señor chamado don Alberto senon que foron un investimento derivado dos impostos de todas as galegas e de todos os galegos nunha competencia do goberno que chegou tarde, mal e arrastro e que a Directiva das Augas da Unión Europea mandaron ter as augas dos núcleos de poboación de máis de 20.000 habitantes antes de finais do ano 2000 e agora o grupo do Partido Popular presume dese fracaso; que sen embargo, o seu grupo apoiaría a moción se o grupo que a presenta aceptase retirar os argumentos e os dous puntos e aceptar, como alternativa, incluír como punto o seguinte:

"Instar á Xunta e ao goberno do Estado a que inicien xa un diálogo para resolver calquer atranco que poida existir e iniciar canto antes o dragado e saneamento integral da Ría do Burgo".

C.I.F. P-1503100-H

De seguido fai uso da palabra o Sr. alcalde e di que o goberno municipal é desde fai moito tempo un claro defensor da Ría do Burgo, que esta loita se iniciou xa fai tempo, creándose a Plataforma pola Defensa da Ría do Burgo no ano 2007, do que se honra por ser unha das persoas que formou parte desa plataforma nos seus inicios, e tanto o BNG como o partido no que el estaba anteriormente eran firmes defensores desa loita pero nin o PP nin o PSOE daquel entón se sumaban á dita plataforma que por desgraza aínda segue activa pois aínda non se fixo ese saneamento, e agora pensa que todos están na liña da defensa da Ría do Burgo como algo necesario e imprescindible; que o argumentario do grupo político Popular é un argumentario propio do seu grupo e o equipo de goberno matizaría certas cuestións pero cre que pode haber un entendemento tal como comentou a voceira do grupo político do BNG que tampouco é sospeitosa de non querer que a Ría se sanee pois o BNG foi sempre un firme defensor e foi dos que sempre se embarrou nos seus lodos, estando agora nun momento histórico que se iniciou o pasado ano cunha reunión na Delegación do Goberno na que por fin parecían sumarse os esforzos do Goberno Central, gobernado polo Partido Socialista, e da Xunta de Galicia, gobernada polo Partido Popular, acompañados de todos os alcaldes implicados para tratar de, por fin, iniciar os trámites necesarios para o dragado da Ría; que unha parte que tiña que cofinanciar a Xunta de Galicia primouse que fora a través de fondos europeos porque eran fondos que ían destinados á depuradora de Compostela e que non ían ser capaces de acometer co cal se perdían e o Goberno Central, que é o que ten esa competencia, consensuado coa Xunta de Galicia, e co apoio do Parlamento Europeo, revertía eses fondos ao dragado; que agora xa hai que licitar porque para que non se perdan os fondos europeos a obra ten que estar feita no 2023 pero hai unha discrepancia, que considera el técnica e non política, en relación coa independencia que poida ter a asesoría xurídica da Xunta de Galicia e a independencia que poida ter a avogacía do Estado e que quizáis se teñan que reunir o Presidente do Goberno estatal e o Presidente do Goberno autonómico e desbloquear esta situación pois esta obra non pode quedar sen licitar de ningunha maneira.

Continúa a súa intervención o Sr. alcalde e di que ao seu grupo lle gustaría apoiar a moción pero hai cuestións que non poden apoiar como por exemplo no argumentario, na segunda páxina, no segundo parágrafo, cando di "Estos traballos se desenvolverán en terreos de titularidad estatal en los que actualmente existe una actividad marisquera que debe ser suspendida con carácter previo al inicio de las obras del dragado. La Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia acreditó ya convenientemente que esa circunstancia no supone ningún impedimento para la inmediata licitación de las obras del dragado.", solicita que se quite a palabra convenientemente pois de momento non está

acreditado desta forma e se engada a continuación deste parágrafo “estando pendente unha reunión coa Abogacía do Estado tal e como acordaron a Xunta e o Goberno Central”.

Segue a súa intervención o Sr. alcalde e di que o seu grupo está en desacordo tamén coa última parte do seguinte parágrafo cando di que “la ocupación de los terrenos está garantizada” pois non se pode asegurar que o estea e solicita se substitúa este texto polo seguinte: “la ocupación de los terrenos podría estar garantizada tras la reunión pendiente de Asesoría Jurídica de la Xunta de Galicia y Abogacía del Estado.”

A continuación o Sr. alcalde indica que sen ánimo de desvirtuar o contido da moción presentada polo grupo político Popular pero en aras de lograr o maior consenso posible solicita a modificación do punto número 2 dos acordos e así, cambiar o texto onde di “2. Proceda con la mayor brevedad posible a la licitación de las obras de dragado de la Ría do Burgo, toda vez que las actuaciones se desarrollarán en terrenos de titularidad estatal y la Asesoría Jurídica da Xunta acreditó convenientemente que la actividad marisquera existente en la zona no supone impedimento alguno para la inmediata licitación de las obras de dragado” para que diga “2. Proceda con la mayor brevedad posible a la licitación de las obras de dragado de la Ría do Burgo, e instar al Goberno de España y Xunta de Galicia a que agilicen la reunión entre Abogacía del Estado y Asesoría Jurídica de la Xunta para desbloquear la lititación de dichas obras.”

Seguidamente solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo non ten problema en modificar a moción nos termos expostos pero considera que en vez de axilizar se debería concretar unha data pois lle preocupa que se poidan perder os fondos.

C.I.F. P-1503100-H

Intervén o Sr. Alcalde e di que tanto desde o Goberno Central como desde a Xunta de Galicia lles comunicaron que sería suficiente con que isto se fixera ao longo do presente ano e lle suxire á Sra. García Gorostizu que o seu grupo concrete unha data.

Responde a Sra. García Gorostizu e di que estaría ben poñer como data este mes de setembro.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde e propón que o punto número 2 quede redactado da seguinte forma:

“2. Proceda con la mayor brevedad posible a la licitación de las obras de dragado de la Ría do Burgo, e instar al Goberno de España y Xunta de Galicia a que fechen en este mes de septiembre la reunión entre Abogacía del Estado y Asesoría Jurídica de la Xunta para desbloquear la lititación de dichas obras.”

A continuación solicita de novo o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que, unha vez aclarado o contido da moción que se someterá a aprobación, quere incidir en que o que non se pode discutir é a vontade do Partido Popular e da conselleira Ana Mato que é clara no saneamento da Ría do Burgo e no investimento de 100 millóns de euros neste saneamento.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde e di que este investimento parte do canon da auga que paga a veciñanza que redunda en investimentos como o citado.

A continuación solicita novamente o uso da palabra a concelleira do BNG, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que o importante é que se inste ao Goberno de Estado a que se elimine calquera atranco que poida existir para efectuar canto antes o dragado da Ría do Burgo.

De seguido solicita o uso da palabra o concelleiro do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, solicita se concrete como vai quedar a moción que se somete a votación.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde e aclara como quedaría a moción que se somete a aprobación, transcribíndose a continuación a moción proposta coas emendas introducidas:

"MOCION QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR DE CULLEREDO SOLICITANDO LA EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DE DRAGADO DE LA RIA DO BURGO.

El Grupo Municipal Popular de Culleredo, conforme a lo previsto en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente **MOCIÓN**:

EXPOSICION DE MOTIVOS

El Gobierno gallego, dentro de la línea de actuación que está desarrollando encaminada a limpiar las rías gallegas, invirtió 100 millóns de euros en el saneamiento de la Ría do Burgo. Esta inversión se utilizó concretamente en actuaciones de apoyo a los concellos de la ría para sus competencias de saneamiento y depuración de las aguas residuales, fundamentalmente en beneficio de los municipios de A Coruña, Oleiros, Culleredo y Cambre.

Una vez finalizadas estas obras de saneamiento y para completar la mejora de la calidad ambiental del entorno, el Gobierno de España, competente en la regeneración del litoral, impulsó el proyecto del dragado de la Ría do Burgo y consigno una partida de 24 millones de euros en el Presupuesto del 2018, que sigue siendo el presupuesto vigente en la actualidad.

Con el fin de completar la inversión necesaria para la ejecución del dragado, un total de 46,3 millóns de euros, y por sugerencia de la propia Administración Autonómica, el actual Gobierno de España realizó los trámites oportunos para cofinanciar esta actuación con fondos europeos del tramo estatal.

Después de meses desde que se completaron estos trámites, es cierto que el Ministerio de la Transición Ecológica y el Reto Demográfico no procedió a la licitación de las obras del dragado de la Ría do Burgo.

Estos trabajos se desarrollarán en terrenos de titularidad estatal en los que actualmente existe una actividad marisquera que debe ser suspendida con carácter previo al inicio de las obras del dragado. La Asesoría Jurídica Xeral da Xunta de Galicia acreditó ya que esa circunstancia no supone ningún impedimento para la inmediata licitación de las obras del dragado, estando pendiente unha reunión coa Abogacía do Estado tal e como acordaron a Xunta e o Goberno Central".

El Gobierno gallego ya se comprometió en su día, y lo reiteró en varias ocasiones, a que en el momento de que los trabajos de dragado sean adjudicados y antes de que comiencen las obras, suspenderán los permisos vigentes de marisqueo de la zona. Este cese de actividad será reconocido y asumido por la propia cofradía de pescadores de A Coruña. Cancelar la actividad marisquera en la Ría do Burgo antes de que las obras comiencen supondrían un perjuicio grave e innecesario para el sector, a tenor del informe jurídico de la Xunta y la propia declaración de impacto ambiental de la obra de dragado, es totalmente innecesaria ya que la ocupación de los terrenos podría estar garantizada tras la reunión pendiente de Asesoría Jurídica de la Xunta de Galicia y Abogacía del Estado."

Desde este grupo municipal y a tenor de los hechos reflejados, consideramos que no hay razones objetivas para dilatar más en el tiempo la ejecución del dragado de la Ría do Burgo por el gobierno central, actuación que resulta necesita y urgente.

Por estas razones, y haciendo un llamamiento a todos los representantes públicos de esta Corporación y a su sentido del deber y de la responsabilidad, el Grupo Municipal Popular insta al Pleno de la Corporación, la adopción de los siguientes:

ACUERDOS

Instar al Gobierno del Estado que:

1. Acredite que dispone de crédito presupuestario necesario para la ejecución de las obras de dragado de la Ría do Burgo.
2. Proceda con la mayor brevedad posible a la licitación de las obras de dragado de la Ría do Burgo, e instar al Gobierno de España y Xunta de Galicia a que fechen en este mes de septiembre la reunión entre Abogacía del Estado y Asesoría Jurídica de la Xunta para desbloquear la licitación de dichas obras."

Rematadas as intervencións, a Presidencia pregunta ao grupo político Popular se acepta as emendas propostas polo equipo de goberno.

Responde a voceira do grupo Popular, Sra. García Gorostizu, e di que o seu grupo si acepta as emendas propostas.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político Popular coas modificacións, que resulta aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

6.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO POPULAR RELATIVA Á SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO MANIFESTO DOS 31 CONCELLOS EN CONTRA DA APROPIACIÓN DOS REMANENTES DAS EELL.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia da moción do grupo político Popular presentada no rexistro municipal o día 7 de setembro de 2020 (número 6647), relativa ao asunto epigrafiado.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que ante o sucedido pola mañá no Congreso, onde quedou demostrado o grave erro que cometía o PSOE levando ese decreto ao Congreso, o seu grupo desexa retirar a moción pois non ten sentido neste momento pedir ao Concello a adhesión a este manifesto cando xa se perdeu a votación no Congreso, solicitándolle ao Sr. alcalde que diga a posición que tomaría el de someterse a votación a moción que se retira.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que se se debate debátese e se non non.

A continuación a Sra. García Gorostizu di que o seu grupo retira a moción porque xa quedou demostrado que se ía cometer unha inxustiza coas entidades locais.

7.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO POPULAR RELATIVA Á SOLICITUDE DE CREACIÓN DUNHA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTROL, SEGUIMIENTO E VIXILANCIA DA CONTRATACIÓN.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia da moción do grupo político Popular presentada no rexistro municipal o día 7 de setembro de 2020 (número 6648), relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as asistentes á sesión..

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a moción do grupo político Popular, que literalmente di:-

“MOCION QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR DE CULLEREDO SOLICITANDO LA CREACION DE UNA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTROL, SEGUIMIENTO Y VIGILANCIA DE LA CONTRATACIÓN

El Grupo Municipal Popular de Culleredo, conforme a lo previsto en el artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente **MOCIÓN:**

EXPOSICION DE MOTIVOS

Para la prestación de servicios de competencia municipal, nuestro concello recurre en numerosas ocasiones a empresas, asociaciones o entidades, lo que implica realizar contratos, suscribir convenios o conceder subvenciones. Igualmente, para la adquisición de bienes, el concello se ve obligado a contar con las empresas suministradoras de los mismos.

El hecho de que estos servicios se presten por entidades ajenas a la administración no exime al Ayuntamiento de su responsabilidad de velar por el buen funcionamiento de los mismos, responsabilidad atribuida por ley y que se extiende a la duración del contrato, convenio o subvención.

Durante estos años, en varias ocasiones, en el Pleno se ha abordado la necesidad de regularizar todos los contratos que se están ofreciendo fuera de la legalidad o en precario. Desde nuestro Grupo Municipal, en diciembre del año pasado presentamos a este pleno una MOCION SOLICITANDO LA REGULARIZACION CONTRACTUAL EN LA PRESTACION DE LOS DISTINTOS SERVICIOS QUE PROPORCIONA EL CONCELLO y que fue votado en contra por el equipo de gobierno.

Los informes de la Interventora Municipal son claros en este punto, presentando todos los meses una gran cantidad de reparos de intervención. En el año 2018 la cantidad económica de estos reparos ascendió a 2.300.000 euros y en el 2019 a 9 millones de euros.

Queremos también hacer mención a los contratos menores. La actual Ley de Contratos del Sector Público establece nuevas exigencias procedimentales. Estos contratos sólo pueden utilizarse para cubrir necesidades esporádicas e imprevistas que requieran ser adjudicadas con celeridad (recordamos que no son infrecuentes las condenas penales por prevaricación al saltarse estas limitaciones y/o fraccionar el objeto de contrato para eludir la licitación).

En este Concello no existe ninguna memoria de contratos para saber, por ejemplo, si los contratos son recurrentes, fraccionados para saber si son objeto de revocación. Tampoco existe información del estado de la contratación.

Para el PP es esencial impulsar la participación y la transparencia en la gestión municipal para conocer en qué se gasta el dinero público, así como el procedimiento que se lleva a cabo a la hora de contratar obras, realizar convenios o conceder subvenciones. Por esta razón creemos necesario que todos los grupos municipales deberían poder conocer todas las contrataciones que realice el concello de una forma más específica y con todos los mecanismos necesarios.

Por todo lo expuesto creemos necesario la creación de un órgano de control que tenga como cometido la vigilancia de la actividad contractual de la administración municipal, incluyendo los contratos menores, convenios y otros actos de responsabilidad municipal que se lleven a cabo en el Concello. El objetivo no es otro que garantizar la aplicación de los principios de publicidad, libre concurrencia, objetividad, transparencia y eficacia en la contratación pública.

Desde nuestro grupo municipal queremos recalcar que en ningún caso se busca sustituir o turbar la labor de la mesa de contratación, ni el trabajo de los técnicos municipales, si no establecer una herramienta de colaboración a la hora de despejar cualquier duda en la gestión de las contrataciones y, sobre todo, para realizar un adecuado control de la ejecución de los contratos asignatura pendiente en este Concello.

Por todo lo expuesto, el Grupo Municipal Popular propone al Pleno la adopción del siguiente

ACUERDO:

1. Crear, antes de que acabe el año, una Comisión Especial de Control, Seguimiento y Vigilancia de la Contratación permanente que incluya los contratos menores y que tenga carácter permanente como órgano de control y de vigilancia de la actividad contractual de la Administración pública municipal.
2. Entre las atribuciones de dicha Comisión figura la emisión de informes, propuestas y recomendaciones sobre el seguimiento y la mejora de los procedimientos de contratación, y dar cuenta de todo ello en cada Pleno Municipal. Además, deberá elaborar una memoria anual en la que se recogerán los trabajos realizados y proponiendo la adopción de las medidas que se consideren necesarias para mejorar los procedimientos de contratación y el uso racional de los recursos públicos. Para el ejercicio de sus atribuciones se le facilitará información sobre todos los

19 de 29

contratos que estén vigentes y que hayan sido celebrados por los órganos de contratación de la Administración del concello de Culleredo.

3. Esta Comisión Especial, sin perjuicio de una regulación específica que en el futuro pueda incluirse en el Reglamento Orgánico Municipal, se regirá por las reglas de funcionamiento generales que en él se establecen para las Comisiones. Al comienzo de su andadura elaborará su plan y programa de trabajo.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que son repetidos e moi clariños, nítidos, os posicionamentos do BNG de Culleredo respecto da xestión da contratación no Concello de Culleredo, que é claramente nefasta, o cal queda de manifesto no cúmulo de reparos que se presentan continuamente contra o pagamento de facturas sen ningún procedemento legal que o ampare e, desde logo, non se pode poñer en dúbida o compromiso do BNG de Culleredo na vixilancia continua sobre os procedementos de contratación no Concello de Culleredo e na reclamación de explicacións e a demanda de corrección de irregularidades e depuración de responsabilidades pero o equipo de goberno propón agora crear un novo órgano de control que xa existe na práctica pois as fórmulas de control e vixilancia existen e o goberno municipal só as ten que usar e facer valer porque, ao igual que todos os membros da Corporación, deben ter acceso a todos os expedientes de contratación pero sábese que o goberno local non cumpre co seu deber no acceso á información e así o teñen reclamado diante da Valedoría do Pobo, invitando a reclamar aquelas situacións nas que non se lles dea acceso á información á que teñen dereito porque ao BNG non lle constan as súas accións para a vixilancia da acción do goberno máis alá das preguntas no Pleno e na Comisión Especial de Contas que se acaba de celebrar a voceira do grupo político Popular non abriu a boca.

Fai uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu, e di que ela non asistiu á dita Comisión Especial de Contas.

Retoma a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e di que se refería ao representante do grupo político Popular na antedita Comisión; que o BNG presentou un voto particular contra a Conta Xeral que se acaba de presentar e daránlle traslado, por suposto, ao Consello de Contas e que a súa denuncia sobre as irregularidades na concesión da Garrocha foron trasladadas ao Xulgado pola Fiscalía polo que ferramentas hainas, aínda que saben que farragosas e que se incumpren constantemente e que o desexable sería que algunha desas ferramentas fora realmente eficaz como o Consello de Contas que ten entre as súas misións revisar as contas de Culleredo e ver que case 8 millóns, no 2018, foron ao marxe dos procedementos de contratación e non 2, como din no seu texto, senón 7.744.828,11 euros según teñen extractado da Conta Xeral pero non teñen constancia de que o Consello de Contas actuara en consecuencia e tivera feito accións reais que penalizaran eses métodos en Culleredo, sendo un organismo que depende da Xunta xa lle poderían levar recado, e narra unha cita de Napoleón Bonaparte que di que se queres que algo se faga, nomea un reponsable, e se queres que algo se demore eternamente, nomea unha comisión.

Segue a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e di que volvendo á proposta presentada, no punto número 2, fálase de que entre as atribucións deste organismo figura a emisión de informes, propostas e recomendacións, que deberá elaborar unha memoria anual na que se recollan os traballos, etc, etc, etc e que na sesión está a Secretaría municipal, que non está a Interventora pero que as dúas están xa fartas de emitir informes e recomendacións preguntando se agora queren substituír o seu traballo e cargar aínda máis de traballo aos funcionarios facendo máis grande a maraña da burocracia do Concello de Culleredo; que o BNG está por máis traballo, máis esforzo, máis responsabilidade, máis seriedade, máis respecto aos regulamentos polos que nos reximos e non por duplicar, ou xa triplicar, estruturas que non traen nada de novo.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que o artigo 35 do ROF establece os órganos necesarios no Concello que ostentan funcións de carácter decisorio, como son o alcalde, os tenentes de alcalde, o pleno, ou a comisión de goberno; que, por outra parte, o artigo 123 refire as comisións informativas como órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta; que como todos saben, e tamén o concelleiro do BNG que vén de facer a súa intervención, no Concello de Culleredo xa existe unha comisión para tratar os temas de contratación e ademais todos os contratos poden tratarse nas distintas comisións informativas en función do seu ámbito polo que non existe

ningunha necesidade de crear ningunha comisión informativa a maiores pois as fórmulas de vixancia e control deste Concello están a súa disposición; que por outra parte cabe sinalar que as licitacións e adjudicacións dos contratos cólganse todos no perfil do contratante da plataforma de contratación do Estado e que se dá conta de todas as resolucións que se ditan e de todos os reparos de Intervención ao Pleno municipal polo que todos os concelleiros e todas as concelleiras da Corporación, ao igual que todos os cidadáns, son coñecedores de todas as adjudicacións e de todos os reparos polo que considera que maior transparencia non é posible e calquera concelleiro ou concelleira conta con toda a información necesaria para facer a súa labor.

Continúa a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que o grupo político Popular presenta unha moción coa que se pretende crear unha comisión como un órgano de control e vixilancia das decisións municipais, funcións que son propias do Pleno e que polo tanto non son delegables nunha comisión informativa polo que o seu grupo non pode apoiar esta moción.

Seguidamente solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, pregunta se a Sra. Secretaria municipal podería corroborar a veracidade de todo o que vén de dicir a concelleira socialista e se sería posible, modificando algo, levar a cabo a comisión que se propón no caso de que o Sr. alcalde tivera vontade de facelo pois hai concellos que teñen esta comisión e funcionan perfectamente.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o seu grupo non pode votar a favor desta proposta e que lle gustaría saber cantos concellos nos que goberno o Partido Popular contan cunha comisión deste tipo porque podría incluso ser irregular.

Responde a Sra. García Gorostizu e repite que ela sabe que hai concellos que dispoñen desta comisión e que funciona perfectamente pero que non sabe se son gobernados polo Partido Popular ou non e que esta comisión facilitaría a labor da oposición aportando transparencia ás contratacións e acabando cos clientelismos que parece que están moi afianzados.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que os órganos de control están aí, que todo o que sucede no Concello vén ao Pleno e os funcionarios poden facer os seus informes e os concelleiros e as concelleiras da oposición poden facer o seu traballo como representantes dos cidadáns que son.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político Popular, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: tres (3), dos Sres/as: García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Votos en contra: quince (15), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Abstencións: dúas (2), dos Sres/as: Pérez Mosquera e Méndez Mosquera.

Á vista do resultado da votación, a moción do grupo político Popular declárase non aprobada.

8.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG RELATIVA A REXEITAMENTO AO REAL DECRETO-LEI 27/2020 DO 4 DE AGOSTO.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia da moción do grupo político BNG de data 7 de setembro de 2020, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as asistentes á sesión..

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a moción do grupo político BNG, que literalmente di:

"MOCIÓN SOBRE A UTILIZACIÓN DOS FONDOS MUNICIPAIS POR PARTE DO GOBERNO DO ESTADO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de agosto tivo lugar unha xuntanza extraordinaria da FEMP para presentar e aprobar un acordo co Goberno de España para segundo constaba na orde do día "contribuir desde los municipios a desarrollar una movilidad sostenible, la agenda urbana y políticas de cuidados y apoio a la cultura"

Desde o BNG xa denunciámos no seu momento que este acordo agochaba unha operación do Estado para dotarse de liquidez a costa dos remanentes municipais, solicitando nova-mente a derogación da Lei Montoro e unha nova Lei de de facendas locais que acabe coa discriminación que sofren os municipios do noso país.

Posteriormente o Goberno de España transforma en Decreto Lei o Acordo da FEMP e publícase no BOE con data de 5 de agosto.

Desde o BNG continuamos a manifestar o noso profundo rexeitamento a calquera tentativa de incautación ou bloqueo dos fondos municipais por parte do Estado, xa que as necesidades estatais non poden anular as necesidades locais.

A realidade é que a día de hoxe ese Decreto é rexeitado por todas as forzas políticas agás o PSOE.

A escusa do ministerio para xustificar esta proposta en base a imposibilidade de incumplir a lei de estabilidade, a chamada lei Montoro, e que así non lle compute aos concellos como déficit, é un insulto a intelixencia. A Comisión europea acordou flexibilizar a limitación de endebedamento dos estados como consecuencia da crise da Covid. Os Estados van poder incrementar a débeda, mais segundo a interpretación do ministerio a única administración que vai poder incrementar a débeda é a Administración Xeral do Estado. A Administración Local non debe ser Estado e non vai poder incrementar a débeda, malia supoñer no caso de Galiza un 0,3% do PIB galego, e estar o límite no 3%.

En calquera caso, é fundamental garantir que a posibilidade de utilización de fondos ou endebedamento por parte dos concellos non sexa utilizado por outras Administracións para buscar financiamento e a asunción por parte das entidades locais de competencias impropias, cargando así sobre os municipios o custo de servizos que non poden nin deben ser asumidos.

Esta é unha vella demanda do municipalismo galego, e así quedou reflectido nos relatorios aprobados na asemblea xeral da FEGAMP celebrada no mes de novembro pasado e na que por unanimidade se acordou "Demandar a flexibilización de utilización do remanente e superávit a calquera tipo de inversión que redunde en beneficio da comunidade, estendendo o ámbito temporal de aplicación e considerando a posibilidade de poder aplicar parte do mesmo en gasto corrente"

Por todas estas razóns, o BNG demanda do Pleno da Corporación Municipal os seguintes

ACORDOS

1. Rexeitar o Real Decreto-Lei 27/2020, de 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente, aplicables ás entidades locais.
2. Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a elaboración dun Decreto, con tramitación urxente e extraordinaria, polo que se contemple para os Concellos fondos para afrontar a crise sanitaria, social e económica

derivada da Covid, elaborado con criterios obxectivos que teñan en conta a situación de infrafinanciamento dos Concellos galegos.

3. Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a derogación da Lei de 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para permitir ás entidades locais atender as competencias propias con cargo aos remanentes e/ou superávit, así como ampliar a capacidade de endebedamento das Administracións locais para afrontar os ditos gastos.

En tanto non sexa derogada a Lei instar á non aplicación durante a crise da Covid dos conceptos de regra de gasto, déficit e estabilidade da LOEPSF.

4. Que a interlocución do goberno do estado cos concellos galegos se estableza a través da FEGAMP, entidade na que están representados a totalidade dos concellos galegos e as catro deputacións provinciais."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira do BNG, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que por mor do corte na transmisión do Pleno quere disculpar de novo a ausencia do seu compañeiro Sr. Chouciño Garrido, procedendo de seguido a ler a moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político Popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que cada día o Bloque Nacionalista Galego lle sorprende máis con tanto bandazo político pois pediu o apoio dos votantes nas eleccións xerais para que así o pobo galego tivera un representante nas Cortes Xerais, preguntando que fixo o Sr. Néstor Rego desde que lle deu o goberno ao Sr. Pedro Sánchez e a Podemos para que sacase este tipo de actos adiante, que fixo o Bloque Nacionalista Galego co voto e a confianza de Galicia e que fixo o Bloque Nacionalista Galego co voto e a confianza dos votantes de Culleredo e xa di que o único que fixo foi apoiar ao actual goberno socialista que hai na Moncloa, impulsar ao órgano de goberno que está a executar este tipo de actos, non sendo o máis curioso o engano á veciñanza de Culleredo pedindo o voto para as eleccións xerais senón que pediron o voto para ser representados como concelleiros de Culleredo e como membros de Culleredo designaron aos membros da Deputación provincial do Bloque Nacionalista Galego que pasaron a ser deputados provinciais na Deputación da Coruña, deputados que votaron a favor de impulsar este acto que viña do Estado, pedíndolle ao BNG que fagan autocrítica e se están conformes co que fixo o seu partido que o digan e non veñan aquí dicir unha cousa distinta á que marca o seu partido a nivel autonómico e a nivel nacional co Sr. Néstor Rego, do que non escoitou crítica ningunha dos seus compañeiros representantes en Culleredo e agora veñen aquí a pedir o apoio da Xunta de Galicia, non de Galiza como figura na moción xa que pensa que este criterio quedou suficientemente claro nos votantes de Galicia, e veñen porque son incapaces de xestionarlo internamente a nivel partido, incapaces de que os seus representantes fagan valer a intención do Partido e incapaces de cumprir con todo o que prometeron que ían conseguir para Galicia e conseguindo que o voto de todos os cidadáns ao Sr. Néstor Rego se convertira en valor cero, en nada.

Continúa a súa intervención o Sr. Prieto García e di que á marxe das discrepancias ideolóxicas, o Bloque Nacionalista Galego non lle pode pedir apoio á Xunta para un acto que é totalmente partidista e o Partido Popular cancelou a presentación da súa moción porque lles pareceu absurdo discutir no Pleno un asunto que ía caer en vacío a nivel nacional pero o BNG, por gañar protagonismo nesta batalla pola Alcaldía, segue adiante coa moción polo que anuncia que o seu grupo non pode votar a favor dunha moción por un acto que xa foi rechazado nas Cortes Xerais

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político BNG, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que lle podería contestar ao Sr. Prieto moitas cousas, entre elas preguntarlle cantos deputados galegos e galegas hai do Partido Popular no Congreso dos Deputados, ou cantas mocións trae ao Pleno o dito grupo

municipal; que o Partido Popular, no Congreso dos Deputados, podería ter feito algo máis que estar sempre en contra e podería contestar tamén que un é escravo das súas palabras e dono dos seus silencios e a elegancia da concelleira que fala vai ser ser dona dos seus silencios porque lle parece que nestes tempos que corren Néstor Rego non é culpable de todo o que está pasando e vaillo explicar cun exemplo xa que o alcalde de Culleredo cambia de argumento constantemente e o Sr. Prieto García vén de dicir que eles son concelleiros e concelleiras de Culleredo e pide que o demostren por exemplo indo en contra do goberno porque Culleredo pide que eliminen o superávit e o alcalde de Culleredo é membro da Comisión de Facenda que aprobou isto polo que lle solicita que vaian máis polo miúdo e non ás grandes feiras, que non vaian ao Congreso dos Deputados e se queden en Culleredo para, entre todos, arranxar este Concello.

Fai uso da palabra a continuación o Sr. alcalde e di que o alcalde de Culleredo, en todo caso, vai ser sempre respetuoso co resultado das votacións e que o seu grupo non podería aprobar esta moción sen retirar o punto número 1 dos acordos independentemente dalgunha matización que poderían facer ao argumentario e ao debate que hai entre o BNG e o Partido Popular, o seu grupo vai apoiar esta moción.

Seguidamente solicita de novo o uso da palabra o concelleiro do grupo político Popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que responde á pregunta sobre cantos deputados ten o seu partido no Congreso dos Deputados dicindo que ten os que lle deu a cidadanía; que sobre a vontade dos concelleiros de Culleredo di que o seu grupo o ten demostrado múltiples veces e máis dunha vez o voto do concelleiro que está a falar foi contrario a liñas da Xunta ou liñas a nivel nacional pois el está aquí para defender os intereses dos veciños de Culleredo e non os do seu partido e o Bloque a nivel nacional votou a favor deste recorte; que con respecto aos puntos do acordo o punto número 1 do que se pide a retirada é o único que pode ter un pouco de sentido pois installe á Xunta cando este organismo xa de por si se está a mobilizar neste sentido e a nivel de Congreso foi máis que claro neste tema e son os concelleiros propoñentes da moción, como partido, os que a nivel nacional están votando a favor.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e, dirixíndose ao concelleiro Sr. Prieto García, lle di que ten que deixar de ver menos Intereconomía.

Seguidamente solicita o uso da palabra a concelleira do BNG, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que se está a debater unha moción que o grupo político Popular retirou e agora di que están de acordo co punto número 2 da mesma e que xa a Xunta se está mobilizando, e vai dicir sempre Xunta de Galiza porque ninguén lle vai quitar nunca ese dereito de poder sentir e dicir Galiza e non supón ningún problema dicilo; que con respecto ao solicitado de quitar o punto número 1 di que o seu grupo non ten problema en que se quite e se someta a aprobación sen o dito punto.

Rematadas as intervencións, o Sr. alcalde-presidente somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo político do BNG, de data sete de setembro de dous mil vinte, unha vez retirado o punto número 1 do acordo, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14), dos Sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, Pérez Mosquera e Méndez Mosquera.

Votos en contra: tres (3), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Abstencións: tres (3), dos Sres/as: Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación a moción resulta aprobada, polo que devén en acordo quedando redactada da seguinte forma:

"MOCIÓN SOBRE A UTILIZACIÓN DOS FONDOS MUNICIPAIS POR PARTE DO GOBERNO DO ESTADO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de agosto tivo lugar unha xuntanza extraordinaria da FEMP para presentar e aprobar un acordo co Goberno de España para segundo constaba na orde do día "contribuir desde los municipios a desarrollar una movilidad sostenible, la agenda urbana y políticas de cuidados y apoio a la cultura"

Desde o BNG xa denunciámos no seu momento que este acordo agochaba unha operación do Estado para dotarse de liquidez a costa dos remanentes municipais, solicitando nova-mente a derogación da Lei Montoro e unha nova Lei de de facendas locais que acabe coa discriminación que sofren os municipios do noso país.

Posteriormente o Goberno de España transforma en Decreto Lei o Acordo da FEMP e publícase no BOE con data de 5 de agosto.

Desde o BNG continuamos a manifestar o noso profundo rexeitamento a calquera tentativa de incautación ou bloqueo dos fondos municipais por parte do Estado, xa que as necesidades estatais non poden anular as necesidades locais.

A realidade é que a día de hoxe ese Decreto é rexeitado por todas as forzas políticas agás o PSOE.

A escusa do ministerio para xustificar esta proposta en base a imposibilidade de incumplir a lei de estabilidade, a chamada lei Montoro, e que así non lle compute aos concellos como déficit, é un insulto a intelixencia. A Comisión europea acordou flexibilizar a limitación de endebedamento dos estados como consecuencia da crise da Covid. Os Estados van poder incrementar a débeda, mais segundo a interpretación do ministerio a única administración que vai poder incrementar a débeda é a Administración Xeral do Estado. A Administración Local non debe ser Estado e non vai poder incrementar a débeda, malia supoñer no caso de Galiza un 0,3% do PIB galego, e estar o límite no 3%.

En calquera caso, é fundamental garantir que a posibilidade de utilización de fondos ou endebedamento por parte dos concellos non sexa utilizado por outras Administracións para buscar financiamento e a asunción por parte das entidades locais de competencias impropias, cargando así sobre os municipios o custo de servizos que non poden nin deben ser asumidos.

Esta é unha vella demanda do municipalismo galego, e así quedou reflectido nos relatorios aprobados na asemblea xeral da FEGAMP celebrada no mes de novembro pasado e na que por unanimidade se acordou "Demandar a flexibilización de utilización do remanente e superávit a calquera tipo de inversión que redunde en beneficio da comunidade, estendendo o ámbito temporal de aplicación e considerando a posibilidade de poder aplicar parte do mesmo en gasto corrente"

Por todas estas razóns, o BNG demanda do Pleno da Corporación Municipal os seguintes

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a elaboración dun Decreto, con tramitación urxente e extraordinaria, polo que se contemple para os Concellos fondos para afrontar a crise sanitaria, social e económica derivada da Covid, elaborado con criterios obxectivos que teñan en conta a situación de infrafinanciamento dos Concellos galegos.

2. Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a derogación da Lei de 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para permitir ás entidades locais atender as competencias propias con cargo aos remanentes e/ou superávit, así como ampliar a capacidade de endebedamento das Administracións locais para afrontar os ditos gastos.

En tanto non sexa derogada a Lei instar á non aplicación durante a crise da Covid dos conceptos de regra de gasto, déficit e estabilidade da LOEPSF.

3. Que a interlocución do goberno do estado cos concellos galegos se estableza a través da FEGAMP, entidade na que están representados a totalidade dos concellos galegos e as catro deputacións provinciais.”

9.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO BNG RELATIVA AO REXEITAMENTO AO PROTOCOLO COVID19 PARA O ENSINO APROBADO POLA XUNTA DE GALICIA.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia da moción do grupo político BNG de data 7 de setembro de 2020, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as asistentes á sesión..

C.I.F. P-1503100-H

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a moción do grupo político BNG, que literalmente di:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, na súa cualidade de Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego na Corporación do Concello de Culleredo, de acordo coa lexislación en vigor e en nome do Grupo Municipal do BNG de Culleredo, presenta para o seu debate polo Pleno o seguinte moción SOBRE O PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID19 NOS CENTROS DE ENSINO PARA O CURSO ESCOLAR 2020-21

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De maneira clara e unánime as organizacións sindicais do ensino e as ANPAs así como moitos concellos amosaron o seu rexeitamento ao Protocolo de adaptación ao contexto da COVID19 nos centros de ensino para o curso escolar 2020-21. A proposta foi elaborada e aprobada unilateralmente pola Consellaría de Educación que se negou a negociar as medidas nel previstas así como os recursos necesarios para a súa implantación.

Cunha breve análise do texto podemos observar que a Xunta de Galiza elaborou o protocolo primando os criterios económicos por riba da calidade educativa e as garantías sanitarias, impoñéndolle a responsabilidade da súa planificación e execución ao persoal directivo e ao profesorado, ás nais e aos pais, así como aos Concellos que se deberán facer cargo da prestación e sobrecoste de certos servizos, sen que a administración competente en materia sanitaria e educativa, a Xunta de Galiza, asuma ningunha delas.

Así, atopámonos cun documento no que non se respectan os criterios establecidos por norma para o resto da poboación, como poden ser as regras de distanciamento persoal ou de aforamentos. Non se contempla por parte da Consellaría ningún tipo de complemento económico nin a contratación de persoal a maiores, nin non docente nin de persoal docente, imprescindible para reducir o número de alumnado por aula. Non se recollen medidas específicas de ningún tipo para o alumnado de necesidades educativas especiais, o máis afectado durante o confinamento, nin medios de transporte nin recursos de reforzo a maiores. Tampouco se adopta ningunha medida que solucione os graves problemas que se manifestaron durante o confinamento á hora de impartir aulas de maneira telemática, como a fenda dixital no rural, a formación do profesorado e alumnado nin a achega de materiais físicos e educativos para ter garantida a educación universal para os nenos e nenas.

A maiores, e desde o punto de vista municipal debemos ter en conta varios aspectos:

Tal e como vén recollido na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e sustentabilidade da Administración Local, os Concellos non teñen competencias en Educación nin en Sanidade, xa que estas son exclusivas da Xunta de Galiza. Malia isto, na disposición adicional 4ª da lei 5/2014, do 27 de maio, de Medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, establécese que as competencias en materia de educación, saúde e servizos sociais que ten que asumir a Xunta de Galiza en aplicación da Lei 27/2013 seguirán sendo prestadas temporalmente polos Concellos mentres non se estableza o marco normativo para a súa transferencia á Xunta. En materia de Educación as prestacións que á entrada en vigor da Lei prestan os Concellos limitáanse ao mantemento e limpeza ordinaria dos centros educativos de Primaria.

Á altura na que estamos, agosto de 2020, por parte da Xunta aínda non se iniciou a elaboración da necesaria regulación para dar cumprimento á lexislación, o que amosa unha clara intención de que sexan os Concellos os que sigan a exercer esta competencia que non lle é propia.

No punto 4 do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 establécense as medidas xerais de limpeza nos centros de ensino non universitarios. Estas medidas de limpeza extraordinaria esixirán realizar uns traballos nos centros educativos durante o desenvolvemento da xornada educativa que van moito máis alá dos que nestes momentos se realizan por parte dos Concellos. Será, polo tanto, a Xunta de Galiza, a administración con competencias en materia de educación e sanidade en Galiza, a que ten que asumir e financiar estes traballos e medidas de limpeza ás que fai referencia o Protocolo, non podendo ser os Concellos os que asuman nin a súa execución nin o seu financiamento.

No Consello de Ministros de 16 de xuño de 2020 aprobouse o decreto polo que se transferirán ás comunidades autónomas 2.000 millóns de euros dos fondos COVID-19 para adaptar e cubrir as necesidades da Educación como consecuencia da pandemia. Parte destes fondos, loxicamente, correspóndelles á Xunta de Galiza para financiar o incremento de custes derivados das medidas de adaptación ao contexto da COVID-19.

Neste mesmo Protocolo régulanse as condicións nas que se deben prestar as actividades extraescolares, o Plan Madruga e os comedores escolares. Asociacións de nais e pais de alumnado manifestaron a súa disposición a seguir prestando estes servizos, imprescindíbeis para facilitar a conciliación familiar e laboral, sempre e cando por parte da Xunta se garanta a súa universalidade e o financiamento do sobrecuste. Así mesmo, a Xunta de Galiza, como administración competente en materia de educación e sanidade, debe ser a que asuma a responsabilidade destas actividades, e non as delegue nas ANPAs.

A educación e a sanidade son aspectos fundamentais para o funcionamento da sociedade. A Xunta de Galiza, ante unha crise sen precedentes como a da COVID-19, non pode obviar á totalidade da comunidade educativa e aos Concellos, facendo recaer sobre eles a responsabilidade e o financiamento do subrecuste no sistema educativo. As declaracións do Presidente da Xunta en funcións sobre as obrigas que teñen que asumir os Concellos en materia de financiamento e sobre as ANPAs (ás que denominou operadores educativos) que manifestan a súa imposibilidade de garantir os servizos que prestan, son impropias de quen ten a responsabilidade do Goberno galego.

Por estes motivos, o BNG propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Amosar o rexeitamento ao Protocolo COVID19 para o ensino, aprobado pola Xunta de Galiza, así como apoiar as demandas da comunidade educativa nesta materia.

2. Esixir á Xunta de Galiza a elaboración e financiamento do Plan extraordinario de limpeza e mantemento dos colexios deste concello, derivado da COVID-19, asumindo a totalidade do sobrecoste.

3. Apoiar as reivindicacións das asociacións de nais e pais do alumnado abrindo con urxencia por parte da Xunta de Galiza un diálogo para resolver os problemas que impedirían o desenvolvemento do Plan Madruga, dos comedores e das actividades extraescolares no curso 2020-2021.

4. Emprazar á Xunta de Galiza a abrir un proceso de diálogo urxente coa comunidade educativa e a FEGAMP co obxectivo de resolver os problemas derivados do Protocolo, elaborado de forma unilateral pola Xunta, para garantir o correcto inicio e funcionamento do curso escolar 2020-2021.

5. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galiza, á FEGAMP e ANPA ou ANPAs que teñan implantación na localidade.

6. Ademais, as ANPAS de Culleredo teñen feito público unha solicitude de medidas concretas de carácter imprescindible polas que habería que empezar para ter un inicio de curso minimamente aceptable ás que propoñemos sumar o noso apoio:

1. PRIMEIRO: Que se estableza unha ratio NON superior a 20 alumnos por aula para o todo o ciclo de Educación Infantil no concello. Preocupan especialmente estes alumnos pola súa corta idade, as súas dificultades para adaptarse as medidas de protección establecidas no PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 publicado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional; e, sobre todo, a non obrigatoriedade de uso de máscaras ata os 6 anos.

En particular:

- 1.1. Que non se elimine unha liña de 3 anos de Educación Infantil no CEIP SOFÍA CASANOVA DE VILABOA.
- 1.2. Que se reabran as liñas de 3 e 4 anos de Educación Infantil no CEIP ISAAC DÍAZ PARDO que foron pechadas.
- 1.3. Que se implante unha liña adicional de 4 anos de Educación Infantil no CEIP RÍA DO BURGO.

Nos catro casos o número de alumnos aproxímase ós 25 nenos por aula.

E nos tres centros existen aulas dispoñibles para levalo a cabo, algunhas porque quedaron libres polo peche de esas mesmas liñas.

2. SEGUNDO: Que se manteña e reforce en tódolos centros o mesmo profesorado de apoio de Educación Primaria (Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe) que no curso 2019-2020, para atender as necesidades especiais do alumnado que así o requira. É seguro que estas necesidades teranse visto agravadas pola situación vivida no pasado curso 2019-2020, e é moi probable que no novo curso poidan darse outras similares."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que levan toda a mañá co tema de materia educativa, que lles parece moi importante, e solicita aclaración sobre unha dúbida que ten cal é cal vai ser a posición definitiva do Concello de Culleredo ante a Consellería de Educación no tema do protocolo Covid.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que a posición de Culleredo vai ser cumprir e que van apoiar a moción sen reserva ningunha.

Rematadas as intervencións, o Sr. alcalde-presidente somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo político do BNG, de data sete de setembro de dous mil vinte, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezasete (17), dos Sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: tres (3), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

10.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DO GRUPO POLÍTICO DO PSdeG-PSOE COMUNICANDO A INTEGRACIÓN NO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE CULLEREDO DE D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ, O NOMEAMENTO COMO VOCEIRA DA D^a. MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL E COMO VOCEIRA SUPLENTE DE D^a. MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES.

O sr. alcalde dá conta do escrito presentado polos integrantes do grupo político do PSdeG-PSOE no rexistro xeral do Concello en data 31 de agosto de 2020 (entrada número 2020/6449) comunicando a integración no grupo municipal socialista de Culleredo de D. Abraham Seijas González e nomeando como voceira a dona María Guadalupe Pombo Carril e como voceira suplente a dona Marta María Figueroa Fuentes.

C.I.F. P-1503100-H

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as quince horas e corenta e oito minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)